



Concello de Oza-Cesuras

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Con data 18 de xaneiro de 2021 o concello de Oza-Cesuras resolveu non autorizar a celebración de festexos nos espazos públicos e locais de titularidade municipal inicialmente durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2021, polo que se suspendeu a celebración das festas parroquias que tradicionalmente se veñen celebrando nesas datas así como de calquera outro evento ou festexo no termo municipal de Oza-Cesuras co obxecto de evitar a aglomeración de persoas.

Vista a evolución actual da pandemia e que a tendencia crecente continúa e que a situación vai empeorando de maneira global, de acordo co exposto, esta Alcaldía, en base ás atribucións que lle confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, como medida preventiva para conter a situación epidemiolóxica.

RESOLVE:

PRIMERO: Ampliar o prazo da medida de non autorizar a celebración de festexos nos espazos públicos e locais de titularidade municipal así como de calquera outro evento ou festexo no termo municipal de Oza-Cesuras, establecida no Decreto da Alcaldía do pasado 18 de xaneiro de 2021, ata o 30 de xuño de 2021, polo que continúa a suspensión da celebración das festas parroquias que tradicionalmente se veñen celebrando neste concello así como de calquera outro evento ou festexo no termo municipal de Oza-Cesuras, ata esa data.

SEGUNDO: Publicar a presente resolución na páxina web do concello para coñecemento xeral de todos os veciños e veciñas.

TERCEIRO: Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

En Oza-Cesuras, na/s data/s que figura/n na/s sinatura/s electrónica/s

O ALCALDE,

Asdo.- José Pablo González Cacheiro

**Dou fe,
O SECRETARIO,**

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

